



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E
XUSTIZA**

Secretaría Xeral



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Dirección Xeral de
Desenvolvemento Rural



medio rural



**SOCIEDADE PARA O
DESENVOLVEMENTO COMARCAL
DE GALICIA**



**CONCELLO
DE
LOURENZÁ**

**Exposición pública
da toponimia do
Concello
de
Lourenzá**

Lugar:
Casa da Cultura
Data:
Luns, 20 de novembro, ás 12:00 h.

O PROXECTO TOPONIMIA DE GALICIA

A microtoponimia (nomes de terras, montes, valgadas, regueiros, fontes, penedos, muíño...) do concello de Lourenzá recolleuse dentro do marco do **Proxecto Toponimia de Galicia**. Este proxecto, promovido pola Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia, naceu no ano 2000 ante a necesidade de defender e conservar o patrimonio toponímico galego que forma parte da nosa identidade como pobo.

Galicia conta con milleiros de topónimos. Esta abundancia de nomes viuse favorecida pola dispersión dos núcleos de poboación; a enorme repartición da terra (minifundismo); unha orografía irregular e dificultosa; a secular explotación dos recursos agrícolas, gandeiros e mariñeiros; a variada vexetación... e a propia idiosincrasia dos galegos de querer nomear cada anaquiño da súa terra. Estas circunstancias permitiron que exista en Galicia este abundantísimo e riquísimo manto toponímico que cubre toda a súa xeografía, humanizándoa, culturizándoa e engadíndolle un amplo pouso histórico de incalculable valor.

A carón do terceiro milenio, a transformación demográfica e a progresiva desaparición dos modos de vida tradicionais ameazan gravemente a conservación deste avoengo tesouro toponímico. Boa parte dos topónimos menores só teñen vida na fala ou na memoria de persoas de idade e todos eles teñen un alto interese científico e enorme valor como patrimonio cultural de Galicia.

Por iso, desde a Xunta de Galicia decidiuse acometer a recollida de toda a toponimia galega, confeccionando unha base de datos através dunha exhaustiva e coidadosa recolleita oral, transcripción e revisión científica de cada nome. Será unha base útil e de referencia para os distintos eidos da investigación, así como en todas aquelas actividades relacionadas coa información e a identificación territorial. O Proxecto emprega unha novidosa tecnoloxía que permite o tratamento da toponimia nun SIX (Sistema de Información Xeográfica) facilitando a súa visualización en fotos aéreas.

PROGRAMA

12:00 h Exposición das fotos

12:30 h Presentación

Intervirán:

- **Vidal Martínez-Sierra López**
Sr. Alcalde do Concello de Lourenzá
- **Xermán García Cancela**
Director do Proxecto Toponimia de Galicia e Secretario da Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia
- **Óscar Castro Castedo**
Coordinador dos traballos de campo do Proxecto Toponimia de Galicia no SITGA